

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PERITOS E
ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIALIS DE VIGO E
A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE
LINGUAS MODERNAS**

En Vigo, a 26 de setembro de 2012.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o decreto da Comunidade Autónoma de Galicia n.º 90/2010, do 10 de xuño publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) n.º 114, do 17 de xuño de 2010, actuando en calidade de Presidente da Fundación da Universidade de Vigo (en adiante FUVI), segundo o artigo 10 dos Estatutos da FUVI, con CIF G36826030 con sede en Vigo, Área Comercial Local A-12, 36310 Campus Universitario de Vigo, no seu nome e representación.

Doutra parte, D. Jorge Cerqueiro Pequeño, Decano do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Industriais de Vigo (en adiante COITIVIGO), nomeado segundo a Orde do 30 de setembro de 2011 pola que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo (DOG nº 196, de 13 de outubro de 2011), no seu nome e representación.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obligarse e convir, e

EXPOÑEN

Primeiro.— Que a FUVI é unha entidade privada sen fins de lucro, creada en virtude do acordo adoptado pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión de 21 de xullo de 1997, e que nace con vontade expresa de completar e impulsar as actuacións desenvolvidas pola Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) para o mellor cumprimento dos seus fins.

Unha das actividades que neste marco vén desenvolvendo como propria a FUVI é o ensino de linguas modernas a través do Centro de Linguas, destinado a toda a Comunidade Universitaria e a súa contorna social, contribuíndo así a acadar os fins institucionais neste eido da propria Universidade de Vigo.

Os cursos de linguas modernas desenvolvidos pola FUVI están acreditados pola UVIGO, quen se encarga da validación e supervisión académica dos mesmos, co obxecto de garantir que aqueles títulos expedidos ou recoñecidos por ela garantan que os estudos adquiridos teñan unhas acaídas cotas de calidade, rigor e excelencia.

Segundo.— O Colexio Oficial de Peritos e Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo ten entre os seus obxectivos acadar a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos seus colexiados, promovendo a formación continuada e o perfeccionamento permanente dos mesmos.



Polo exposto, e co fin establecer unha colaboración permanente no ámbito do ensino de idiomas, as partes acordan subscribir o presente protocolo que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do protocolo.—

O presente protocolo ten por obxecto establecer un marco de relación entre a FUVI e COITIVIGO para deseñar e implementar un plan de formación en linguas modernas destinado aos colexiados de COITIVIGO co obxecto de acadar competencias lingüísticas naqueles idiomas que se identifiquen como prioritarios por parte do mesmo.



Segunda. Actividades das partes.—

COITIVIGO establecerá os idiomas que conformarán o plan de formación e fixará os obxectivos de nivel a acadar en cada lingua. Contará para este fin, co apoio e asesoría do persoal docente do Centro de Linguas.

COITIVIGO porá a disposición da FUVI as aulas co equipamento necesario para o desenvolvemento do plan formativo.

A FUVI deseñará o plan de traballo, o plan académico, a carga docente, impartirá os cursos, e realizará as probas de nivel de acordo co plan de formación solicitado por COITIVIGO.

Así mesmo, a FUVI encargarase de xestionar a acreditación dos títulos dos participantes na actividade formativa.

A FUVI e COITIVIGO desenvolverán de xeito coordinado as tarefas anteriormente descritas co obxecto de facilitar o traballo e os obxectivos de ámbalas dúas entidades.

Terceira. Custes.—

O presente protocolo non leva custos aparellados para ningunha das partes.

No desenvolvemento do mesmo e unha vez determinados por COITIVIGO os obxectivos de formación, a FUVI elaborará o orzamento correspondente, detallando os servizos a prestar en materia de probas de nivel, coordinación, docencia, exames, material e aqueles outros servizos que poidan ser demandados por COITIVIGO.

Dito orzamento elaborarase para cada actividade formativa e asinarase en proba de conformidade polas partes, incorporándose como anexos a este Protocolo.

Cuarta. Procedemento e seguimento das actividades realizadas.—

Co fin de garantir unha axeitada e fluída relación entre COITIVIGO e a FUVI no desenvolvemento das actividades obxecto deste Protocolo, ambas entidades nomearán un representante que se encargará da coordinación e seguimento das accións de formación realizadas.

Quinta. Comisión mixta paritaria.—

Para o desenvolvemento deste Protocolo constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada, por parte da FUVI, pola Dirección da mesma, e por parte de COITIVIGO, polo Decano do mesmo. Esta comisión terá entre outras as seguintes funcións:

- 1.- Validar de xeito conxunto os plans de formación e os seus respectivos orzamentos e planos de traballo.
- 2.- Resolver cantes asuntos se poidan derivar do desenvolvemento deste Protocolo.

Sexta. Vixencia.—

Este protocolo de colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e o seu período de vixencia será de un ano, prorrogándose por iguais períodos agás que calquera das partes solicite a súa resolución, que se fará por escrito con tres meses de antelación ao seu vencemento.


En caso de resolución do presente protocolo, finalizaranse as actividades en curso que estean formalizadas e validadas por ambas partes previamente.

Sétima: Protección de Datos de Carácter Personal.—

De conformidade co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos, as partes declaran que os datos que mutuamente se proporcionen como consecuencia desta relación serán incorporados en ficheiros de computador e/ou manuais cuxo único propósito é comprobar o bo desempeño das obrigas e dereitos derivados da presente relación xurídica, e que os autores dos arquivos son os asinantes do presente contrato, en cuxas sedes poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos.

E, en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente protocolo en dous exemplares orixinais, igualmente válidos, no lugar e a data arriba indicados.

FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE VIGO



D. Salustiano Mato de la Iglesia
Presidente

COLEXIO OFICIAL DE PERITOS E
ENXEÑEIROS TÉCNICOS
INDUSTRIAIS DE VIGO



D. Jorge Cerqueiro Pequeño
Decano

